

ARQUITECTURA ORGÁNICA

OBRA: MUSEO GUGGENHEIM

AUTOR: Frank Lloyd **WRIGHT** (1867-1959)

CRONOLOXÍA: 1956-59

ESTILO: Arquitectura Orgánica

LOCALIZACIÓN: Nova York, EEUU



COMENTARIO

O proxecto viuse envolto en complexas discusións entre o arquitecto e o cliente coa cidade, o mundo artístico e a opinión pública, debido ao contraste das súas formas dentro da retícula da cidade de Nova York. Durante os traballos de construción chegou ao director e aos administradores do museo unha carta asinada por unha longa lista de artistas, na que expoñían que os muros inclinados e a rampla non eran axeitados para unha exposición de pintura. A pesares da forte crítica, Guggenheim quedou entusiasmado coa idea da espiral ascendente e apoiou o proxecto ata o seu falecemento no ano 1949. Entre 1943 e 1956, o inicio da construción sufríu numerosos atrasos, debido a cambios nas condicións de emprazamento, a regulamentos relativos á construción, a cambios no programa do museo e ao aumento dos custos dos materiais de construción, pero finalmente o 16 de agosto de 1956 puideron comezarse os movementos de terras.

Tanto Guggenheim como Wright morreron antes de que se culminase a súa construción no ano 1959, aínda que cando faleceu Wright en abril de 1959, a construción estaba practicamente rematada, quedando x asó algúns últimos detalles. O 21 de outubro o museo abría as súas portas ao público. Os logros obtidos amosan o xenio arquitectónico de Wright e o espírito aventureiro que caracterizou a Solomon Guggenheim.

En 1992 o edificio foi complementado escostándolle unha torre rectangular, máis alta que o espiral orixinal. Esta modificación do deseño orixinal xerou unha forte controversia, e tamén amosou ser impopular por algunhas críticas feitas por artistas, que senten que o edificio ensombrece as obras alí expostas e que é dificultoso colgar apropiadamente as pinturas.

Aínda así, Wright acadou a conquista a estática regularidade do deseño xeométrico en combinación coa plasticidade da natureza, producindo un vibrante edificio cuxa arquitectura é tan importante agora como o foi naquel momento.

Técnica e materiais. Os materiais utilizados foron basicamente bloques de formigón armado prefabricados. A pintura branca utilizada nos muros interiores fai que as obras destaquen. O lucernario é de vidro con xuntas de aceiro.

Luz, fluxos, función, forma, volume, relación coa cidade e outras ideas son as que se extraen da análise da obra deste arquitecto. O Museo Guggenheim de Wright é unha das últimas obras do enorme legado dun dos máis grandes arquitectos do Movemento Moderno, unha espiral inestable e invertida, unha Torre de Babel ao revés. É máis, despois da súa viaxe a Roma, Wright entende o seu proxecto para o museo como o seu Panteón. Creador de elegantes formas arquitectónicas, logra, na súa Escola de Yale, intensificar o aspecto dramático da súa poética manierista cun tratamento plástico e expresivo das superficies de formigón, case á maneira de Le Corbusier, sen esquecer a memoria do Neoplasticismo holandés na composición dos volumes. Trátase dun movemento formalista que nace de esixencias funcionais. O concepto orixinal de Wright foi chamado o “zigurat” xa que o deseño asemellaba ás escaleiras empinadas dos zigurat construídos na antiga Mesopotamia.

O edificio en si mesmo converteuse nunha obra de arte. Desde a rúa, o edificio parece unha cinta branca enrolada en forma cilíndrica, levemente máis ancha na cima que abaixo. Internamente, as galerías forman unha espiral. Así, o visitante ve as obras mentres camiña pola rampla helicoidal ascendente iluminada, como un paseo. O Museo amosa unha gran diferenza cos edificios dos arredores debido á súa forma en espiral, marcada pola fusión entre triángulos, óvalos, arcos, círculos e cadrados, que responden ao concepto de arquitectura orgánica utilizada por Wright nos seus deseños.

Ante a pregunta de por que preferiu unha rampla en lugar das plantas convencionais, Wright respondeu que para o visitante do museo é máis agradable entrar no edificio, subir co ascensor ata o nivel superior da rampla e ir descendendo aos poucos por esta ao redor dun patio aberto, tendo sempre a opción de subir ou baixar co ascensor desde todos os niveis da rampla para, por último, atoparse ao final da exposición no nivel máis baixo, preto da saída. Engadía que na maioría dos museos convencionais, o público debía atravesar longas galerías de exposición para voltar a percorrelas ao finalizar a visita, co único fin de dirixirse á saída. Asimesmo, pensaba que as pinturas situadas nunha parede suavemente inclinada poden verse cunha mellor perspectiva e iluminarse mellor que se estivesen colgados en posición absolutamente vertical. Esta é a principal característica do edificio, a hipótese sobre a que se baseou o proxecto, unha idea nova, pero que serviu como precedente de gran importancia para o futuro.

Os percorridos ao redor dun gran baleiro formentan a reflexión de gozar da arte. O significado da arte comunícase a través dos ritmos deste museo. A disposición semiaberta das salas de exhibición permite ter unha panorámica de todo o edificio e de parte das exposicións desde calquera punto do corredor ascendente central. Tamén chama a atención o miniestanque da planta baixa.

Foi o último edificio proxectado por este arquitecto, sendo a súa testemuña monumental da Arquitectura Orgánica entendida como modelo de artellamento do espazo e como materialización da plasticidade propia das formas orgánicas neste museo de interior en espiral, cunha cúpula que deixa ver a luz e un exterior helicoidal que lembra a un xigantesco caracol.